

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

REVISTA (ISSN 1887-2859)

CATEGORÍAS RELACIONADAS

*nº 20 (2024)\_SOLLA, Calros: O Varelo de Limeres, santiño da devoción popular*

© Calros Solla

*A finais do século XIX, os camiños da vida conduciron a Limeres (parroquia de Cerdedo) unha vagabunda indixente que, amais de fame e penurias, traía no colo un cativo afectado dunha discapacidade mental; fillo de pai descoñecido, fillo do mundo. Tempos aqueles, así rebenten hoxe os abolicionistas do Estado social!*

A muller, da que non se lle recorda o nome, percorría a parroquia pedindo polas portas, subsistindo mercé á caridade e ao acollemento dos montañeses. Consumida pola inopia malsá e acometida dunhas febres, cadroulle a morte en Limeres –fíxolle Deus mil favores–, deixando o seu fillo enfermo de quince anos ao albedrío da fada. Cumpriase a primeira década do



século XX.

Os limeregos, xente de proverbial solidario, porfillaron o mociño, garantíndolle a mantenza. Ao rapaz, por razóns tamén ignotas, apúxoselle o chamadeiro d'o Varelo (ou Vareliño); eis o Varelo de Limeres. Deste xeito, principiou a tecerse a historia e a lenda do personaxe que, aínda hoxe, os naturais teñen ou lembran por santo. Escribo consonte as saudades do amigo Manuel Sueiro López, quen, hai uns días, no Liceo ourensán, arredor dunha mesa de café, rememorou a personalidade arrebatadora do Varelo. Xa en *Faro de Vigo* (18-11-2014), por boca doutros informantes, ocupei unhas liñas en rescatar o Vareliño do esquecemento.

Criouse o Varelo na aldea a canda os outros rillotes. Provéuselle dun habitáculo onde gocecer o sono e acordouse por unanimidade roldar o seu coidado e a súa diaria manutención. Este compromiso mantívose vixente durante décadas, prescribindo co pasamento do noso home.

A veciñanza de Limeres tallou nun tareco de castiñeiro a listaxe dos cabeza de casa (dez ou doce familias), para

ben dispor, xornada a xornada, o reparto e control da responsabilidade contraída (“o pau do Varelo”). O pau, coma testemuño da remuda, deixábase na porta de quen debía asumir a encomenda ao día seguinte. De se conservar aínda o “pau do Varelo” en calquera rocho ou faiado, moito me satisfaría podelo ter nas mans e tirarlle unha fotografía. Se non está de ser, valla este artigo como proba para as xeracións presentes e futuras.

A bonhomía do Varelo axiña transcendeu a ribeira do río das Cervas. O petís –despois, mozo miudiño e moreno– gañou a por de dicires e faceres a estima do pobo, pois, de natural agarimoso, afábel e optimista, trufaba a súa cándida sinxeleza de valores humanos que afiuzaban a convivencia e o espírito comunitario: “Era un toliño cordial e apracible”. Que se saiba, non se conserva retrato ningún do singular persoeiro.

Distinguíase o Varelo no coidado dos pequechos, impedindo que ninguén lles puxese unha man enriba, velándoo e protexéndoo de calquera perigo. De feito, non había receo en confiarlle o coidado das máis tenras criaturas: “Non había medo que tirase co neno, levábaos coma quen leva un ovo na man”. O colo do Varelo acalentaba os meniños, e a choremia axiña mudaba en riso ou sono acougado.

–Mañá, quen ten o Varelo?

–Pois, tócalles ás Carballas. Voulles pousar o pau na porta.

Co raiar do día, os veceiros ían na procura do Varelo. Traíano para a súa casa, dábanlle o almorzo, o xantar e a cea –cadaquén segundo as súas posibilidades– e con eles pasaba todo o día; alá onde fosen –á feira, a unha festa...–, levaban a canda eles o Varelo: “Á noite, devolvíase o Varelo ao seu cuarto, e entregábaselle o pau ao seguinte da lista”. A súa presenza estimábase en avegosa. A súa circunstancia correra a comarca. Ninguén ousaba facer burla do Varelo; o Varelo era respectado, protexido e aloumiñado por todos.

Tácito *quid pro quo*, coidar do san Varelo, obra de misericordia, afastaba o mal e chamaba pola saúde e a fartura.

Rexía en Limeres un outro acordo non escrito: ninguén podía poñer o Varelo a traballar, nin servirse del para adiantar labor. Ben ao contrario, a súa sagrada folganza aviábase coas mellores galas, pois era herdeiro da moita roupa desusada vinda de alenmar, chegada á aldea nos baúis dos emigrantes: camisas de colo redondo, pantalóns de raión, zapatos de pel de crocodilo... O Varelo posuía un inesgotábel fondo de arcón: “Lucía a mellor roupa do lugar”. O Vareliño sempre andou aseado e impecabelmente vestido.

Sábese que nunha ocasión, un veciño tivo a ocorrencia de mandar o Varelo picar unha pouca leña. Mal acordo. Cando chegou a ouvidos dos máis, recriminárono severamente e castigárono privándoo da súa compañía. Grande foi o desgusto na familia. Para os de Limeres, atender o Varelo non era unha carga, era unha beizón: “Borráronos do pau; perderon o dereito de ter o Varelo”.

Amáis da súa beatífica condición, malia o seu falar entrecortado, o Varelo era moi bo conteiro, polo que a súa participación nos xuntoiros da colectividade –día santo ou día solto– amenizaba o lecer e propiciaba o riso e a humorada.

Entre os relatos máis celebrados de cantos xurdiron do maxín do Varelo, a narración dos seus soños eróticos gaña a palma. Nas ruadas e seráns, os zolados afanábanse en tirarlle da lingua ao Varelo para que aledase a concorrencia coas súas fabulacións subidas de ton, porén, a súa candidez sempre se tomou por inofensiva.

O pemento introduciuse tardiamente nas hortas de Limeres. Sábese que Teresa de Mingos foi pioneira no cultivo desta solanácea. Certo día, Teresa fritiu uns pementos na tixola e, como tiña ao seu cargo o Varelo, deulle a probar a novidade. O Varelo, no canto de comelo, paseou o pemento polo lugar, collido polo rabo coma se fose un rato: “Varelo, que levas aí!?”, preguntábanlle os veciños. O Varelo respondía: “A señora de Mingos deume un figho mollado!”. Bendita inocencia.

As cartas que a Limeres remitía a parroquia emigrada, a maiores dos protocolarios encabezamentos (“Espero que al recibo de la presente se encuentren bien de salud, quedando la nuestra bien, gracias a Dios...”), todas remataban co retrouso: “Moitos recordos pró Varelo”. O cumprimento da encarga non se deixaba para despois: “Oe, Varelo; Antonio envíache recordos dende Buenos Aires!”. “Mamorias, mamorias, mándalle mamorias, moitas mamorias!”, respondía afagado o Varelo.

Un ebanista de Cerdedo empregou as súas horas libres en ir labrando finamente o cadaleito do Varelo. Paseniño, fórbase instalando na contorna a crenza de que cando o Varelo deixase este mundo, “acontecería unha desgraza tremenda”. O Vareliño de Limeres morreu ás portas do verán de 1936, á idade de corenta anos. Non se recorda en Cerdedo funeral máis multitudinario que o que inhumou os seus despoños nunha sepultura terreira do camposanto de San Xoán: “O Varelo era un santo; era o mesmiño ca un deus”.

Cando en 2006 Galiza ardeu polos catro costados, Cerdedo non se librou da vagada criminal. Unha veciña de Limeres, residente no estranxeiro, contemplou desolada nos informativos o estarrecedor avanzar das lapas. Non dubidou aquela muller en pór a súa aldea natal baixo o amparo do avogoso Varelo, telefonando un familiar para que baixase a Cerdedo a falar co cura e ofrecerlle unhas misas ao santo popular. O cura dixo as misas e, ao parecer, non as quixo cobrar. Como se intúe, o lume mantívose lonxe dos eidos e casais de Limeres.

En 2017, o colectivo Capitán Gosende instituíu o seu “Salvoconduto de Honra” co obxecto de recoñecer e agasallar a quen investiu a súa existencia en honrar e enaltecer a Galiza libre e a galegitude irredutíbel. Polo momento, foron merecentes da distinción a poeta Luz Fandiño (falecida en 2024), o escritor David Otero e o músico Baldomero Iglesias “Mero”. O colectivo, facéndose eco da fermosa tradición do Varelo e co fin de preservala, amentouno no texto xustificativo do pergameo: ...“Co gallo, a tropa dos Gosende, con gozo e

satisfacción, saúdanx [x galardoadx] e piden –por intercesión do Vareliño de Limeres– que os deuses dos camiños colmen de fortaleza e temperanza abondas para acadar todas as metas que se propoña”.

Manuel Sueiro Iglesias, o mestre Sueiro de Limeres, represaliado republicano, xa ten monólito no Campo das Laudas de Cerdedo. A inauguración da XII lauda resarce a mesquindade daquel territorio para coa familia Sueiro. A XII lauda posibilitou tamén afianzar a miña amizade con Manuel, Gonzalo, Carme..., os seus descendentes. Benia a vós. Abofé, o Varelo guichounos plácido dende a súa edícula.

Poño unha candeia a arder pola alma do Varelo. Ogallá o santo do pobo nos sortee ben e nos faga inmunes a tanta moribundia institucional. O colectivo Capitán Gosende nunca deu puntada sen fio.

Ilustración: O Tolo, un dos arcanos do tarot

Artigo publicado tamén en Faro de Vigo (8 de setembro de 2024), [www.tabeirosmontes.com](http://www.tabeirosmontes.com) e [www.pontevedraviva.com](http://www.pontevedraviva.com)